

Xabier López gaña cunha novela de novelas o Xerais dos 30 anos

Antonio Fraga debuta na literatura ao facerse co premio Merlín

Máis atención ao libro e á cultura en tempos de crise

CAMILO FRANCO
REDACCIÓN / LA VOZ

Unha novela que garda outras novelas e unha historia que non disimula a súa condición son os dous textos que onte saíron da Illa de San Simón como gañadores da trixésima edición dos premios Xerais.

A primeira, *Cadeas*, coloca de volta na primeira liña da literatura galega a Xabier López López cunha novela que, a dicir do xurado, «é unha novela de novelas. Un baúl de historias que denotan, ante todo, unha prodixiosa capacidade para fabular, para recrear, para imaxinar». *Cadeas* comeza cun escritor que tropeza nunha praia cunha muller lendo unha novela súa. Para o xurado a novela responde a un



Os premios entregáronse na illa de San Simón.

autor «capaz enredarnos a través de diversos xogos textuais, que a maiores queren evidenciar para o narrador a imposibilidade de contar, problematizando as dificultades da escrita.

O propio escritor protagonista pon en cuestión a súa novela».

O castaño en abril é o título da obra gañadora do premio Merlín e para o seu autor, Antonio Fraga Allegue, este será

o seu primeiro libro publicado. O xurado salientou que nesta novela «estaban reunidas todas as virtudes que se poden esperar dun libro para rapaces: lela dunha volta, atraída polo interese da súa trama; estar magnificamente escrita; e ser inesquecible porque os seus personaxes quedan aboiaando no seu máx, querendo vivir alí por moito tempo». É a historia dun rapaz cego que vive sometido a dúas tías xemelgas. O xurado salientou tamén a empatía que o personaxe principal, Baltasar, ten para os lectores.

Xabier DoCampo actuou de mantedor do acto e animou aos rapaces e rapazas a «facer da lectura un acto de rebeldía», «procurando unha nova luz no túnel escuro do futuro».

XABIER LÓPEZ LÓPEZ GAÑADOR DO XERAIS

«É unha novela que vai encadeando historias, pode ser entendida como moitas novelas»

Unha novela cun formato que o seu autor e o xurado consideran non convencional. *Cadeas* devolve á actualidade literaria a Xabier López, que gañou en 2003 o premio García Barros.

—¿Como é esa novela que se sae do habitual?

—Creo que o xurado foi valente nese sentido, porque escolleu unha novela pouco convencional. É unha novela fragmentaria pero non minimalista. Creo que diría o contrario: que é maximalista. É unha novela que vai encadeando historias, pode ser entendida como un libro de pequenas novelas, pero tamén ten unha continuidade.

—¿Cal é o fío argumental de todas as pequenas novelas?

—Son cen anos da historia de Galicia, desde finais do XIX ata finais do XX. Pero o que a novela conta en conxunto, o que teñen en común as novelas é a narración de dominacións e sometementos de tipos diferentes, desde o autor sometido aos lectores, pasando pola a guerra de Cuba ou Sidi Ifni, chega ata os anos oitenta.



Xabier López López. M. G. VICENTE

—Unha historia de Galicia e de dominación. ¿Cre que Galicia é un país sometido?

—Non é nese sentido. O sometemento ou a dominación son historias universais, pero estas son historias universais contadas desde o punto de vista galego, contadas desde aquí.

—¿Como cre que resultará a proposta para os lectores?

—A estas alturas está todo inventado e creo que a proposta é máis que asumible para os lectores e que mesmo permite que cada lector escolla como quere participar na novela.

ANTONIO FRAGA GAÑADOR DO MERLÍN

«A miña preocupación é que o libro non resultase condescendente nin brando para os rapaces»

Para Antonio Fraga non estaba escrito que puidera gañar o premio Merlín e asegura que foi «unha sorpresa para min e tivo que ser unha sorpresa para o xurado». *O castaño en abril* será o primeiro libro de Fraga.

—¿Debutar cun premio como o Merlín que significa?

—Primeiro unha sorpresa moi grande. En segundo lugar supón un respaldo moi grande porque me gusta moito escribir e aínda que non sei se podo adicarme a isto, si que me axuda a seguir escribindo, a fixarme unha actividade diaria.

—¿Por que comezou pola literatura infantil?

—É un xénero que me gusta. Creo que lin máis literatura infantil de adulto que de neno, pero é un xénero no que me gusta escribir. Pero tamén empecei por casualidade: a miña cuñada quedou embarazada e pensei en escribir algo para a súa filla, para regalarllo cando nacera. Gustoume a experiencia e seguín.

—¿Como describe a historia coa que gañou o premio Merlín?



Antonio Fraga. M. G. VICENTE

—O primeiro é que é unha historia que non quere ser condescendente cos rapaces. Non quería abrandar as cousas, nin falarlles como se non fosen capaces de entender algunhas decisións duras. Estiven moi preocupado por iso mentres escribía porque quería evitar caer nese tipo narracións.

—¿Cre que na literatura infantil se abusa dese tipo de relatos?

—Creo que depende dos autores. A quen eu tiña medo mentres escribía era a min mesmo, a caer involuntariamente nesa escrita.